

Textos: **RUDYARD KIPLING**  
 Il·lustracions: **AJUBEL**  
**PABLO AMARGO**  
**ISIDRO FERRER**  
**PEP MONTSERRAT**  
**PABLO AULADELL**  
**PACO GIMÉNEZ**  
**ARNAL BALLESTER**


Encadernación en cartóné. 21x29,7 cm.  
 224 páxinas. Il·lustracions en color.  
 ISBN 978-84-8464-758-4

Prezo: 35 €

# KIPLING ILUSTRADO

*"...Y el arte, déjenme decirlo, es el apogeo más noble de la mentira. El artista miente, y da a sus mentiras una verosimilitud tan persuasiva como perspicaz. Kipling miente en cada uno de sus relatos, y mienten os ilustradores al ofrecernos la representación espacial de estos relatos".*

**TERESA DURÁN**, profesora da Universidade de Barcelona.



"Kipling Ilustrado" é a publicación impresa que acompaña unha exposición homónima no Museo Valenciano da Ilustración e da Modernidade (MuVIM). Reúne sete relatos do escritor británico de orixe india Rudyard Kipling (Bombai, 1865-Londres, 1936), ilustrados por outros tantos artistas plásticos contemporáneos: Ajubel, Pablo Amargo, Isidro Ferrer, Pep Montserrat, Pablo Auladell, Paco Giménez e Arnal Ballester.

A obra contén artigos do director do MuVIM, Javier Varela, da comisaria da mostra, Lola Pascual, e da profesora de Educación Visual e Plástica da Universidade de Barcelona, Teresa Durán. Os tres reflexionan sobre a grande aportación de Kipling á Literatura moderna, ao cumprirse 75 anos do seu pasamento, e analizan a valiosa relación entre Letras e Arte. As historias que os ilustradores recrean a base de figuras, formas, cores e texturas son:

- "El gato que siempre andaba solo" (*The cat that walked by himself*, de 'Just so stories', 1902): Ajubel
- "El pequeño elefante" (*The elephant's child*): Pablo Amargo
- "Rikki-tikki-tavi" (en 'The jungle book', 1894): Isidro Ferrer
- "El hombre que quiso ser rey" (*The man who would be king*, en 'The Phantom Rickshaw and other Eerie tales', 1888): Pep Montserrat
- "Georgie Porgie" (en 'Life's handicap', 1891): Pablo Auladell
- "El regimiento perdido" (*The lost Legion*): Paco Giménez
- "El cuento más hermoso del mundo" (*The finest story in the world*, en 'Many inventions', 1893): Arnal Ballester



Ajubel



Pablo Amargo

Na súa semblanza deste prolífico autor, a comisaria de “Kipling Ilustrado” alude ás súas cinco novelas, os seus centos de poemas e relatos curtos, ambientados case todos na India colonial. Así chegou a ser o primeiro escritor inglés galardoado, en 1907, co Premio Nobel de Literatura. Aínda que de ideas imperialistas, caracterizouse por ser un personaxe crítico e comprometido co seu tempo. Á súa fonda bagaxe literaria uniuse o seu afán viaxeiro e a súa capacidade de observación, que plasmou en “relatos luminosos e fascinantes”.

Aos prestixiosos ilustradores que resollen con éxito o reto de representar graficamente a obra de Kipling úneos un incuestionable talento creativo e diferéncias o estilo artístico co que cada un propón -dende o debuxo e maila poética dos contos- a súa respectiva aproximación á figura deste intelectual que predeciu os cambios e os conflitos que nas últimas décadas revolucionaron o mundo.

Ajubel (Villa Clara, Cuba, 1956) reflicte nas súas ilustracións os medos e as esperanzas dos protagonistas das escenas, que miran fixamente o espectador. A súa intensa gama de cores –negros, vermellos, verdes, azuis- suxire as emocións e vivencias non menos intensas que transmite o relato, acentuando o valor expresivo das imaxes.

Dende o paradoxo visual, Pablo Amargo (Oviedo, 1971) sorprende os lectores coa súa divertida e inusual linguaxe estética. A súa ollada vai máis aló do aparente, ata o punto de camuflar sutís retais da selva nunha representación de mobles de estilo colonial, con absoluta elegancia e economía de medios.

Isidro Ferrer (Madrid, 1963) evoca as primeiras vangardas con debuxos básicos, entre o branco e negro, e o ton sepia. Figuras rotundas e primitivas, poéticas e simbólicas, que transmiten unha carga sinistra de tensión e intriga. Coa técnica do linogravado logra texturas que enriquecen a obra no seu conxunto.

Pep Montserrat (Barcelona, 1966) bebe das fontes da novena arte para compoñer ilustracións que remiten á orixe da imprenta, a base de estampacións en relevo. Os debuxos a dúas tintas, con rótulos recurtados e superpostos, amosan a clara influencia do cine e da fotografía na súa obra.

A proposta estética de Pablo Auladell (Alicante, 1972) enlaza lirismo e misterio, con imaxes oníricas envoltas nunha atmosfera ambigua e inquietante. As súas paisaxes, traballadas dende o gusto pola mancha, ofrecen unha ollada bucólica para unha tráxica historia.

Paco Giménez (Valencia, 1954) traza composicións medidas e meditadas de liñas limpas e precisas. Dominando a xeometría, as escalas e as perspectivas, non prescinde do entramado gráfico do que se vale no proceso creativo, integrándoo na imaxe e logrando un efecto moderno e dinámico.

Dende o humor e a ironía do texto, Arnal Ballester (Barcelona, 1955) recorre ao color -branco, vermello, negro- como ferramenta para identificar anécdotas, espazos xeográficos e mentais. Imaxes contundentes e vibrantes, místicas e surrealistas, para un relato amoroso e tan real coma a vida mesma.

***“...No en vano la literatura refleja experiencias y deseos vitales, e indagar en sus secretos es como hacerlo sobre la propia vida”.*** LOLA PASCUAL, comisaria de la exposición.



Isidro Ferrer



Pep Montserrat



Pablo Auladell



Paco Giménez



Arnal Ballester